



# GLEDITSIA AMERICANA

## Gleditsia triacanthos

*SABÍAS QUE...? Das súas legumes extráese unha sustancia utilizada para espesar e dar consistencia a marmeladas, xeados, pasteis, cremas, dentífricos, xabóns, papel, teas, etc.*

É unha especie de árbore caducifolia da familia Fabaceae. É orixinaria do sueste de Estados Unidos, na conca do río Mississippi (Virginia), e habita tamén o sur das grandes planicies, Texas e o norte de México. Hoxe día, cosmopolita.

**Nome común:** Acacia de tres espinas, Acacia de tres púas, Gleditsia americana (cast.); Gleditsia americana (gal.); Honey locust, Thorny locust (ing.).

### Etimoloxía:

- Gleditsia: adicado ao botánico alemán do século XVIII Johann Gottlieb Gleditsch
- triacanthos: alude ás espiñas que saen de tres en tres, do grego ácantha, que quere dicir 'espiña'

**Descrición da especie:** Árbore dioica, grande e corpulento que pode alcanzar os 40 m. De cortiza gris lisa e gretada, tronco macizo e ampla copa. A miúdo mostra grandes espiñas aceiradas que saen en grupos de tres, cunha central grosa e dúas laterais algo máis finas, de aí o seu nome científico e común. As follas son caducas, alternas, compostas por 8-20 folíolos en número par (paripinnadas). Estes folíolos son ovalados, coa marxe lixeiramente crenada ou con dentes moi finos, de maneira que pode parecer que é enteiro. As flores son verdosas-amareladas e saen agrupadas en filamentos colgantes, as masculinas sen pistilo, case sentadas; as femininas con pedicelo. O froito é unha legume moi vistosa e grande, glabra, comprimida, algo curva, indehiscente, de interior carnoso, polposo, azucrado e comestible, que con frecuencia permanece na árbore despois de caerse as follas. Son parecidas ás do algarrobo (Ceratonia siliqua L.), pero algo máis grandes e estreitas e son de cor avermellada-chocolate.

